



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE DOCE DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E UN
(ACTA NÚMERO 10)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luís Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as dez horas do día **doce de marzo de dous mil vinte e un**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA CINCO DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día cinco de marzo de dous mil vinte e un que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ADXUDICACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: PARADELA- O SAVIÑAO: Rehabilitación de firme LU-P- 4201 "Pacios (LU-633)- Mosteirovello- LU-611", PK 0+000 a 1+235, 1+405 a 1+810 e 3+435 a 4+200, LU-P-4205 "Aldosende (LU-P-4202)-Feasita - Foilebar (LU-P-4201)", 2+331 al 5+924 e LU-P-5818 "LU-P-4202-Vila", PK 0+000 a 6+334.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 05/03/2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7GQPCCAN6RRHK6QF5CHRTEM¹.

Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: PARADELA- O SAVIÑAO: Rehabilitación de firme LU-P- 4201 "Pacios (LU-633)-

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Mosteirovello- LU-611", PK 0+000 a 1+235, 1+405 a 1+810 e 3+435 a 4+200, LU-P-4205 "Aldosende (LU-P-4202)-Feasita- Foilebar (LU-P-4201)", 2+331 al 5+924 e LU-P-5818 "LU-P-4202-Vila", PK 0+000 a 6+334, con CSV: IV7GQPQD3JZDZXE3QEMQJ7QAIL.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7GSQL3MBP5LXZDWAPXMISFBY.

Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7GSUHDFF465XFP7T7B6FKC4Q.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7GSUL63FP3XTP5STVQEJTFBY.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7GSUI5ZURLJW43UQOQCJCHII.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 23/10/2020, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7GSMKIFN5LLSZKUE7RM7S6LY.

Publicación, o día 29/10/2020, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación d Sector Público.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 03/12/2020, para apertura da documentación administrativa (sobre A) e criterios avaliados automaticamente (sobre B), con CSV: IV7G2QCJJRW2XFJDQVWGO577MI, na que se deu conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente, e procedeuse á apertura e exame dos sobres "A" (documentación administrativa), resultando que todas presentan a documentación correctamente. A mesa de contratación acordou admitir todas as propostas presentadas ao proceso de adxudicación.

Acto seguido procedeuse á apertura da documentación contida no Sobres "B", cos seguintes resultados:

PARADELA - O Saviñao: REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P- 4201 "PACIOS (LU-633) - MOSTEIROVELLO - LU-611", PK 0+000 A 1+235, 1+405 A 1+810 E 3+435 A 4+200 , LU-P-4205 "ALDOSENDE (LU-P-4202)-FEASITA - FOILEBAR (LU-P-4201)", 2+331 AL 5+924 E LU-P-5818 "LU-P-4202-VILA", PK 0+000 A 6+334

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

542.980,00	
448.743,80	94.236,20

DE IVE (partida independente)

VALOR ESTIMADO

CLASIFICACION EXIGIDA:

PRAZO DE EXECUCION:

NO
6 MESES

MAXIMO
8.974,88

	EMPRESAS / (GRUPO)	DOC "A"	PRECIO (85)	MELLORAS (10)	P. DIVULGACIÓN (5)	CRITERIO DESEMPATE
			PREZO (IVE incluído .- art 102)	EXTENDIDO MBQ (SI/NO)	Oferta (sen IVE) (MAX. 2% S/ V. Estimado	Plantel / Discapacitados
1	ACOVAL SA		492.700,05 €	NO	0,00 €	40/1
2	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL		460.935,72 €	NO	1.000,00 €	24/1
3	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL		462.509,19 €	NO	0,00 €	46/1
4	CONSTRUCCIONES RAFAEL SL		486.347,18 €	SI	8.974,87 €	26/0
5	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	A	483.833,00 €	NO	7.417,26 €	13/0
6	EXPLOTACIONES MEDIOAMBIENTALES SLU		456.049,00 €	NO	4.000,00 €	16/0
7	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL		477.345,00 €	SI	1.500,00 €	13/0
8	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	A	477.441,00 €	NO	1.854,31 €	192/3
9	HORDESCÓN SL		463.270,53 €	NO	1.962,78 €	23/0
10	OBRAS, PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES SL		506.763,23 €	SI	8.974,88 €	28/0
11	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU		457.676,45 €	NO	0,00 €	36/1
12	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		542.980,00 €	SI	4.132,23 €	33/2
13	VAZPER 3 SL		534.836,00 €	NO	1.100,00 €	17/1
14	VÍAS E SERVICIOS COMPOSTELA SL		463.650,62 €	NO	826,45 €	3/1

De seguido procedeuse, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS			OFERTA
			Oferta
1	ACOVAL SA		492.700,05 €
2	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL		460.935,72 €
3	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL		462.509,19 €
4	CONSTRUCCIONES RAFAEL SL		486.347,18 €
5	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	A	483.833,00 €
6	EXPLOTACIONES MEDIOAMBIENTALES SLU		456.049,00 €
7	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL		477.345,00 €
8	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	A	477.441,00 €
9	HORDESCÓN SL		463.270,53 €
10	OBRAS, PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES SL		506.763,23 €
11	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU		457.676,45 €
12	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		542.980,00 €
13	VAZPER 3 SL		534.836,00 €
14	VÍAS E SERVICIOS COMPOSTELA SL		463.650,62 €

MEDIA
483.269,54

BAIXA DESPROPORCIONADA
434.942,58

10% ARRIBA
531.596,49

Non se teñen en conta a efectos de cálculo de baixa desproporcionada por pertenza con outra empresa a un mesmo grupo:

EXPLOTACIONES GALLEGAS SL

Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 10 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:



EMPRESAS / (GRUPO)			PRECIO (85)		MELLORAS (10)		P. DIVULGACIÓN (5)		TOTAL
			Oferta	Ptos	EXTENDIDO MBQ (SI/NO)	Ptos	Oferta (máximo 2% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1	ACOVAL SA		492.700,05 €	49,16	NO	0,00	0,00 €	0,00	49,16
2	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL		460.935,72 €	80,22	NO	0,00	1.000,00 €	0,56	80,78
3	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL		462.509,19 €	78,68	NO	0,00	0,00 €	0,00	78,68
4	CONSTRUCCIONES RAFAEL SL		486.347,18 €	55,37	SI	10,00	8.974,87 €	5,00	70,37
5	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	A	483.833,00 €	57,83	NO	0,00	7.417,26 €	4,13	61,96
6	EXPLOTACIONES MEDIOAMBIENTALES SLU		456.049,00 €	85,00	NO	0,00	4.000,00 €	2,23	87,23
7	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL		477.345,00 €	64,18	SI	10,00	1.500,00 €	0,84	75,02
8	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	A	477.441,00 €	64,08	NO	0,00	1.854,31 €	1,03	65,11
9	HORDESCÓN SL		463.270,53 €	77,94	NO	0,00	1.962,78 €	1,09	79,03
10	OBRAS, PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES SL		506.763,23 €	35,41	SI	10,00	8.974,88 €	5,00	50,41
11	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU		457.676,45 €	83,41	NO	0,00	0,00 €	0,00	83,41
12	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		542.980,00 €	0,00	SI	10,00	4.132,23 €	2,30	12,30
13	VAZPER 3 SL		534.836,00 €	7,96	NO	0,00	1.100,00 €	0,61	8,57
14	VÍAS E SERVICIOS COMPOSTELA SL		463.650,62 €	77,57	NO	0,00	826,45 €	0,46	78,03

A Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			TOTAL
			PUNTOS
1	EXPLOTACIONES MEDIOAMBIENTALES SLU		87,23
2	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU		83,41
3	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL		80,78
4	HORDESCÓN SL		79,03
5	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL		78,68
6	VÍAS E SERVICIOS COMPOSTELA SL		78,03
7	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL		75,02
8	CONSTRUCCIONES RAFAEL SL		70,37
9	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	A	65,11
10	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	A	61,96
11	OBRAS, PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES SL		50,41
12	ACOVAL SA		49,16
13	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		12,30
14	VAZPER 3 SL		8,57

Requirir á empresa Explotacions Medioambientais SLU para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 17/12/2020, con CSV: IV7GEKYT3R5YVKWY65XSKA7EL4, na que se deu conta de escrito da mercantil Explotacions

Medioambientais SLU, (RE nº 2020RT011196 - EXPT GTM: 2020/PES_03/022161-), dándose a mesa por enterada e acordando tramitar comunicación á empresa.

Por resolución da Presidencia de data 29/12/2020 con CSV: IV7GG3JSHEE5V7FZ7T4DAMCPN4, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa Explotacions Medioambientais SLU, para que dentro do prazo de dez hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, indicándolle as determinacións previstas na lexislación vixente como consecuencia de retirada de oferta, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 12/01/2021, rematando o prazo de presentación o día 26/01/2021.

A mercantil Explotacions Medioambientais SLU, non presentou a documentación requirida.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 03/02/2021, con CSV: IV7HQP4P3ZN2TUJRQABERYAIY, na que se deu conta da non presentación da documentación establecida no artigo 150 LCSP e cláusula 17 do PCAP por parte da empresa requirida ao efecto, e na que se acordou:

Ter por retirada a oferta do licitador Explotacións Medioambientais SLU da licitación da indicada obra, ao non achegar a documentación requirida no prazo indicado.

Proceder, de conformidade co disposto no artigo 150.2 parraf. 2º da LCSP, respecto da mercantil Explotacións Mediambientais SLU, como consecuencia da retirada da oferta verificada nos termos sinalados no punto 1º desta proposta, iniciando os trámites para a esixencia de dita penalidade, por importe de 13.462,31€, outorgándolle prazo de 10 días hábiles para que alegue o que estime procedente en favor dos seus dereitos e intereses.

Requirir a Ovisa Pavimentos y Obras SLU, segunda clasificada, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a



documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

Por resolución da Presidencia de data 17/02/2021 con CSV: IV7HSHR3BQGCTSZYSNIMCL2VAY, acordouse requirir á empresa Ovisa Pavimentos y Obras SLU, segunda clasificada, para que dentro do prazo de dez hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 18/02/2021, rematando o prazo de presentación o día 04/03/2021.

A mercantil Ovisa Pavimentos y Obras SLU presentou a documentación requirida dentro do prazo establecido.

En data 03/03/2021 notificouse á mercantil Explotacións Medioambientais SLU a Resolución da Presidencia de data 17/02/2021, con CSV: IV7HSHR3BQGCTSZYSNIMCL2VAY, incorporando ao expediente certificado de notificación recibida na mesma data.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 05/03/2021, ós efectos da apertura da documentación remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa Ovisa Pavimentos y Obras SLU presenta a documentación requirida en tempo.

A mesa de contratación, vista a documentación, considera cumprimentado correctamente o requirimento, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Ovisa Pavimentos y Obras SLU representada por D. Juan Sanmartín Ferreiro, a contratación da obra denominada PARADELA- O SAVIÑAO: Rehabilitación de firme LU-P-4201 "Pacios (LU-633)- Mosteirovello- LU-611", PK 0+000 a 1+235, 1+405 a 1+810 e 3+435 a 4+200, LU-P-4205 "Aldosende (LU-P-4202)-Feasita- Foilebar (LU-P-4201)", 2+331 al 5+924 e LU-P-5818 "LU-P-4202- Vila", PK 0+000 a 6+334, no prezo de 457.676,45 €, dos cales 79.431,45€ corresponden ao IVE (21%) e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma”.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Ovisa Pavimentos y Obras SLU representada por D. Juan Sanmartín Ferreiro, a contratación da obra denominada PARADELA- O SAVIÑAO: Rehabilitación de firme LU-P- 4201 "Pacios (LU-633)- Mosteirovello- LU-611", PK 0+000 a 1+235, 1+405 a 1+810 e 3+435 a 4+200, LU-P-4205 "Aldosende (LU-P-4202)-Feasita- Foilebar (LU-P-4201)", 2+331 al 5+924 e LU-P-5818 "LU-P-4202-Vila", PK 0+000 a 6+334, no prezo de



457.676,45 €, dos cales 79.431,45€ corresponden ao IVE (21%) e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE DIVERSOS EXPEDIENTES DE DECAEMENTO E INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE PERDA DE DEREITO.

Proposta en relación coa xustificación do programa de investimentos do Concello de Sarria no Plan Único 2018.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo aos investimentos 263-264-271 denominado rehabilitación parcial de edificación existente na rúa Maior, Nº 73 de Sarria; execución de pasos de peón elevados na rúa Formigueiros e reparación de firme na rúa Calvo Sotelo e Travesía de Fornos de Atrás; elaboración de plan de mellora de eficiencia enerxética no municipio de Sarria: Estudo para mellora enerxética e de seguridade, incluídos polo Concello de Sarria no Plan Único 2018, que dispón o seguinte:

“Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria en data 29 de maio de 2018, figurando incluídos polo Concello de Sarria:

SARRIA	384.000,00 €	262	IDENTIFICACIÓN	REFORMA E MELLORA DAS PISTAS DE PADEL DA RÚA CASTELAO DE SARRIA: REFORMA E MELLORA DA PISTA DE PADEL CUBERTA NO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL DE O CHANTO										
			FINANCIACIÓN	25.000,00	2.960,52	27.960,52				X				
		263	IDENTIFICACIÓN	REHABILITACIÓN PARCIAL DE EDIFICACIÓN EXISTENTE NA RÚA MAIOR, Nº 73 DE SARRIA										
			FINANCIACIÓN	50.000,00	0,00	292.856,65				X				
					242.856,65						AXUDA AGADER			
		264	IDENTIFICACIÓN	EXECUCIÓN DE PASOS DE PEÓNS ELEVADOS NA RÚA FORMIGUEIROS E REPARACIÓN DE FIRME NA RÚA CALVO SOTELO E TRAVESÍA DE FORNOS DE ATRÁS										
			FINANCIACIÓN	25.674,82	14.325,18	40.000,00						X		
		265	IDENTIFICACIÓN	EXCUCIÓN DE REPINTADO DE PASOS DE PEÓNS NO NÚCLEO URBANO DE SARRIA										
			FINANCIACIÓN	40.000,00	0,00	40.000,00						X		
		266	IDENTIFICACIÓN	RENOVACIÓN DE PAVIMENTO NA RÚA CALVO SOTELO (ZONA BULEVAR)										
			FINANCIACIÓN	70.000,00	0,00	70.000,00						X		
		267	IDENTIFICACIÓN	SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL PARA A PISCINA CLIMATIZADA DE SARRIA (MOBILIARIO, TAQUILLAS, BANCOS, SECAMANS, PORTARROLLOS, ... E EQUIPAMENTO DE BAÑO DE MINUSVALIDOS)										
			FINANCIACIÓN	40.000,00	0,00	40.000,00						X		
		268	IDENTIFICACIÓN	INSTALACIÓN E SUBMINISTRACIÓN DE XOGOS INFANTÍS NA PRAZA DA VILA E NO PARQUE DAS INSUAS DE SARRIA										
			FINANCIACIÓN	29.325,18	0,00	29.325,18				X				
		269	IDENTIFICACIÓN	SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL PARA A RESIDENCIA DE MAIORES NOSA SEÑORA DO CARME DE SARRIA (LAVADORA, SECADORA, FRIGORÍFICOS, CAMAS, CADEIRAS ORTOPÉDICAS, COLCHÓNS, ...)										
			FINANCIACIÓN	60.000,00	0,00	60.000,00						X		
		270	IDENTIFICACIÓN	SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL PARA OS PAVILLÓNS POLIDEPORTIVOS MUNICIPAIS (TAQUILLAS, BANCOS, MOBLES, MARCADOR ELECTRÓNICO, CANASTAS, ...)										
			FINANCIACIÓN	4.000,00	0,00	4.000,00						X		
		271	IDENTIFICACIÓN	ELABORACIÓN DE PLAN DE MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NO MUNICIPIO DE SARRIA: ESTUDO PARA MELLORA ENERXÉTICA E DE SEGURIDADE										
			FINANCIACIÓN	35.000,00	1.300,00	36.300,00						X		
		272	IDENTIFICACIÓN	SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE LUMINARIAS PARA O PASEO DO MALECÓN										
			FINANCIACIÓN	5.000,00	0,00	5.000,00				X				



Nas bases, establécese que os concellos deberán achegar un importe equivalente ao mínimo obrigatorio do plan de obras e servizos -POS- do ano 2016, que no caso de Sarria, supón a cantidade de 18.585,70 euros.

Esta cantidade mínima, o Concello de Sarria desglosouna nos investimentos 262, 264 e 271 identificados no cadro precedente, presentando unicamente xustificación do investimento 262, (2.960,52€) sendo aprobada por Resolución da Presidencia de 14/01/2020.

Na base 12, relativa á achega municipal, sinálase “... a achega municipal, con cargo a fondos propios, virá desglosada para cada investimento e, no seu caso, actividade, con indicación separada da parte que se financia con cargo á Deputación Provincial da soportada polo Concello, co compromiso do seu financiamento”

Así mesmo, na base 13, referente as baixas nas licitacións, indícase “... non poderán aplicarse en ningún caso a reducir a aportación municipal obrigatoria...”

Dita achega obrigatoria, cuantificada no importe de 18.585,70€, mantense como achega obrigatoria do Concello de Sarria ao Plan Único 2018, ao programa de investimentos, de acordo co indicado nas bases e cuantificada no anexo VIII-A das mesmas. O Concello podía facer a achega obrigatoria en un ou varios investimentos, optando neste caso por distribuila nos investimentos indicados 262, 263 e 271.

Nas bases establécese que “... os concellos adxudicarán e formalizaran, de proceder, os contratos referentes as actuación incluídas no Plan ata o 31 de Outubro de 2018”.

Na base 21 establécese a documentación xeral a achegar para a Xustificación da achega provincial e no apartado 2 a que debe sera achegada, a maiores, no caso de investimentos.

De igual xeito establécese que “... Todos os investimentos deberán estar terminados na data límite do 30 de setembro de 2019 e a documentación xustificativa da súa execución deberá remitirse a Deputación na data límite do 15 de outubro de 2019. Excepcional e motivadamente, o

concello poderá solicitar unha prórroga para o seu remate, que se concederá, no seu caso, mediante acordo da Xunta de Goberno.

No caso de que as actuacións non puideran ser finalizadas na súa totalidade, a aportación desta Deputación será proporcional, sempre e cando dita actuación poida ser entregada ao uso público”.

O Concello de Sarria achegou documentación xustificativa dos investimentos, agás:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
SARRIA	263	REHABILITACIÓN PARCIAL DE EDIFICACIÓN EXISTENTE NA RÚA MAIOR, Nº 73 DE SARRIA	(ACHEGA AGADER) 242.856,65€	50.000,00€	292.856,65€
SARRIA	264	EXECUCIÓN DE PASOS DE PEÑONS ELEVADOS NA RÚA FORMIGUEIROS E REPARACIÓN DE FIRME NA RÚA CALVO SOTELO E TRAVESÍA DE FORNOS DE ATRÁS	14.325,18€	25.674,82€	40.000,00€
SARRIA	271	ELABORACIÓN DE PLAN DE MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NO MUNICIPIO DE SARRIA: ESTUDI PARA MELLORA ENERXÉTICA E DE SEGURIDADE	1.300,00€	35.000,00€	36.300,00€

En data 05/08/2020, requiriuse ao Concello de Sarria, a través de escrito no que se indicaba a documentación que debería achegar, outorgándolle un prazo de dez días hábiles, coa advertencia que de non cumprir co mesmo se lle declarará decaído no seu dereito ao trámite correspondente (art. 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas- PAC) e procederase a declaración da perda do dereito ao cobro da mesma.

O Concello de Sarria non achegou a documentación xustificativa requirida.

Fundamentos xurídicos

As bases polas que rexe o Plan único 2018 foi aprobado polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria en data 29/05/2018, figurando incluídas os investimentos obxecto de informe.



O artigo 73 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece: “1. Los trámites que deban ser cumplimentados por los interesados deberán realizarse en el plazo de diez días a partir del siguiente al de la notificación del correspondiente acto, salvo en el caso de que en la norma correspondiente se fije plazo distinto. 2. En cualquier momento del procedimiento, cuando la Administración considere que alguno de los actos de los interesados no reúne los requisitos necesarios, lo pondrá en conocimiento de su autor, concediéndole un plazo de diez días para cumplimentarlo. 3. A los interesados que no cumplan lo dispuesto en los apartados anteriores, se les podrá declarar decaídos en su derecho al trámite correspondiente. No obstante, se admitirá la actuación del interesado y producirá sus efectos legales, si se produjera antes o dentro del día que se notifique la resolución en la que se tenga por transcurrido el plazo”.

As bases do Plan Único 2018, indican “...réxense en primeiro lugar por estas bases e resultando da aplicación supletoria a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu Regulamento; Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia e o seu Regulamento e, supletoriamente, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administración públicas, Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, polo Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais e igualmente pola Ordenanza xeral de subvencións de Deputación Provincial”.

O órgano competente para declarar decaído ao seu dereito, inda que non se regula na aprobación do Plan Único 2018, ao non se prever esta casuística, enténdese competente a Xunta de Goberno, toda vez que o Regulamento orgánico unicamente se refire ao Pleno para a aprobación do Plan Provincial de Obras e Servizos (POS) e demais plans que poida ou deba aprobar a Deputación, como é o Plan Único 2018.

Conclusión

A vista do anterior, por quen subscribe, infórmase favorablemente:

Declarar decaído ao Concello de Sarria, non seu dereito a presentación de xustificación dos investimentos 263-264-271 denominados Rehabilitación parcial de edificación existente na rúa Maior, Nº 73 de Sarria; execución de pasos de peón elevados na rúa Formigueiros e reparación de firme na rúa Calvo Sotelo e travesía de Fornos de Atrás; elaboración de plan de mellora de eficiencia enerxética no municipio de Sarria: estudo para mellora enerxética e de seguridade, incluído no Plan Único 2018, ao abeiro do artigo 73.3 da Lei 39/2015 –PAC- .

Incoar expediente de declaración de perda do dereito ao cobro da achega da Deputación, cuantificada en 110.674,82 euros, e determinar a cantidade de 15.625,18€ (14.325,18 + 1.300,00) que debería aportar o Concello de Sarria como obrigatoria ao Plan Único 2018, e que ao non xustificar os investimentos indicados, non realizou, ocasionando así unha maior achega da Deputación no resto de investimentos, nos que, no seu conxunto o Concello debía achegar a cantidade de 18.585,70€ e soamente achegou 2.960,52€ correspondentes ao investimento nº 262.

No suposto de que se opte polo ingreso da contía determinada como obrigatoria, e non efectuada, (15.625,18€) farase efectivo na conta da entidade ES04 2080 0163 8531 1000++++, indicando o concepto “Achega obrigatoria PUC/2018”

Acordar a apertura do Tramite de Audiencia para que, no prazo de quince día hábiles a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación deste acordo, poida alegar e presentar os documentos que estime pertinentes.

Notificar ao Concello de Sarria o acordo, aos efectos indicados.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente ao indicado investimento e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Declarar decaído ao Concello de Sarria, non seu dereito a presentación de xustificación dos investimentos 263-264-271 denominados Rehabilitación parcial de edificación existente na rúa Maior, Nº 73 de Sarria; execución de pasos de peón elevados na rúa Formigueiros e reparación de firme na rúa Calvo Sotelo e travesía de Fornos de Atrás; Elaboración de plan de mellora de



eficiencia enerxética no municipio de Sarria: Estudo para mellora enerxética e de seguridade, incluído no Plan Único 2018, ao abeiro do artigo 73.3 da Lei 39/2015 –PAC- .

2º.- Incoar expediente de declaración de perda do dereito ao cobro da achega da Deputación, cuantificada en 110.674,82 euros, e determinar a cantidade de 15.625,18€ (14.325,18 + 1.300,00) que debería aportar o Concello de Sarria como obrigatoria ao Plan Único 2018, e que ao non xustificar os investimentos indicados, non realizou, ocasionando así unha maior achega da Deputación no resto de investimentos, nos que, no seu conxunto o Concello debía achegar a cantidade de 18.585,70€ e soamente achegou 2.960,52€ correspondentes ao investimento nº 262.

No suposto de que se opte polo ingreso da contía determinada como obrigatoria, e non efectuada, (15.625,18€) farase efectivo na conta da entidade ES04 2080 0163 8531 1000 +++, indicando o concepto “Achega obrigatoria PUC/2018”.

3º.- Acordar a apertura do Trámite de Audiencia para que, no prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación deste acordo, poida alegar e presentar os documentos que estime pertinentes.

4º.- Notificar ao Concello de Sarria o acordo, aos efectos indicados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN DE INVERTEMENTOS DO PLAN ÚNICO 2020.

Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da alcaldía do Concello de Monterroso, solicitando modificación/ substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Monterroso no que solicita a modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 02/04/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 03/04/2020.

Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 30 de novembro de 2020. Non obstante este prazo poderá ser prorrogado por unha única vez, mediante acordo da Xunta de Goberno, a solicitude do Concello, na que especificará e xustificará os motivos e indicará o prazo solicitado, que non poderá superar o 30 de xuño de 2021.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 28/07/2020, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
MONTERROSO	150	MELLORA RÚA MIGUEL OLIVARES, INCLÚIDO HONORARIOS	12.064,70 €	108.224,39 €	120.289,09 €
	151	MELLORA FIRME ESTRADA TARRÍO-AVIEIRA	0,00 €	51.248,61 €	51.248,61 €
	152	MELLORA FIRME RÚA PRACTICANTE MANUEL SOENGAS GONTÁ	0,00 €	12.473,44 €	12.473,44 €
	153	APERTURA E SINALIZACIÓN ROTEIRO "DO ANTIGO MONTE ROSO AO NOVO MONTERROSO"	0,00 €	4.000,00 €	4.000,00 €

Por acordo da Xunta de Goberno de data 04/12/2020 acordouse unha prórroga para a adxudicación dos investimentos que se indican, relativos ao concello de Monterroso, nos seguintes termos:



CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRAZO ADXUDICACIÓN ATA:
MONTERROSO	150	MELLORA RÚA MIGUEL OLIVARES, INCLÚIDO HONORARIOS	30/06/2021
	151	MELLORA FIRME ESTRADA TARRÍO-AVIEIRA	
	152	MELLORA FIRME RÚA PRACTICANTE MANUEL SOENGAS GONTÁ	
	153	APERTURA E SINALIZACIÓN ROTEIRO "DO ANTIGO MONTE ROZO AO NOVO MONTERROSO"	

A Alcaldía do Concello de Monterroso a través de escrito de data 24/02/2021 solicita:

A modificación/substitución de investimentos incluídos inicialmente no Plan Único 2020, concretamente os investimentos nº 150 e 151, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “.... cambiar o aglomerado por rego asfáltico, abaratando o seu custo, e realizando outras actuacións, e na rua Miguel Olivas ante o estado actual que presenta o pavimento é inminente a substitución de baldosas da beirarrúa que figuran no proxecto inicial por formigón impreso e melloras luminacións...” polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada.

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
MONTERROSO	150	MODIFICADO MELLORA RÚA MIGUEL OLIVARES, INCLÚIDO HONORARIOS	12.064,70 €	108.224,39 €	120.289,09 €
	151-A	MELLORA FIRME ESTRADA TARRÍO DE BUXERGOS-AVIEIRA	0,00 €	28.725,97€	28.725,97€
	151-B	CAMIÑO DO FENTAL A ESTRADA DE LIGONDE	0,00€	10.993,29€	10.993,29€
	151-C	CAMIÑO DE LOURENTIN AO MUÍÑO	0,00€	11.529,35€	11.529,35€

A base 16, indica que “...motivadamente poderá solicitar a modificación ou substitución do investimento, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluiu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de execución e xustificación fixados nestas bases. Se tendo en conta o anterior, ou outra circunstancia sobrevida, debidamente motivada, xurdira a necesidade de modificar ou substituír un investimento inicialmente incluído por outro, dita modificación/substitución será solicitada polo Concello con anterioridade ao vencemento do prazo outorgado para a adxudicación do mesmo, achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria. Debe respectarse a finalidade, e dicir a mesma aplicación orzamentaria”.

A base 17, indica que “... se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto de obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente (...) que deberá ser aprobado polo Concello e pola Xunta de Goberno da Deputación. Se o investimento xa esta adxudicado, deberá contar coa conformidade do contratista adxudicatario, así como co informe favorable da Secretaría municipal, e no caso de que exista incremento do seu orzamento, deberá contar tamén cun informe favorable da Intervención do Concello”. Así mesmo tamén sinala “... calquera incremento que se derive de modificación de contrato, ... deberá ser financiado integramente polo Concello, salvo aquelas modificacións, (...) que se produzan na execución de contratos en cuxa licitación se produciran baixas imputables á achega da Deputación, en cuxo caso poderán ser imputables á achega da Deputación ata o importe inicial comprometido, previa solicitude do Concello e aprobación pola Xunta de Goberno da Deputación”.

A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases (base 17) do Plan Único 2020, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución de investimentos relativo ao Concello de Monterroso que se sinalan, e que queda incluído no Plan Único 2020, séndolle de aplicación os prazos de adxudicación establecidos no acordo da Xunta de Goberno de 04/12/20 e de execución e xustificación establecidas nas Bases do Plan único 2020.



A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Monterroso, e en consecuencia, aprobar a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan único de Cooperación cos Concellos 2020 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
MONTERROSO	150	MODIFICADO MELLORA RÚA MIGUEL OLIVARES, INCLÚIDO HONORARIOS	12.064,70 €	108.224,39 €	120.289,09 €
	151-A	MELLORA FIRME ESTRADA TARRÍO DE BUXERGOS-AVEIRA	0,00 €	28.725,97€	28.725,97€
	151-B	CAMIÑO DO FENTAL A ESTRADA DE LIGONDE	0,00€	10.993,29€	10.993,29€
	151-C	CAMIÑO DE LOURENTIN AO MUÍÑO	0,00€	11.529,35€	11.529,35€

2º.- Someter esta modificación do Plan Único 2020 a información pública de acordo co establecido no artigo 32.4 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

3º.- Dar conta, do presente acordo, ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

4º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras, ou prórrogas concedidas ao efecto.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES DO PLAN ÚNICO 2020.

“Escrito do Concello de Barreiros, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos 22 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. (PUC/20).

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Barreiros, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (22) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 02/04/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 03/04/2020.

Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2021, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III



ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse antes do 30 de setembro de 2021 e xustificaranse antes do 15 de outubro de 2021, sendo de aplicación tamén o mesmo réxime de prórrogas.

...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 28/07/2020, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O Concello de Barreiros presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
BARREIROS	22	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS EN AS BOUZAS, PABELLÓN DE SAN MIGUEL, AS EIRAS, SAIÑAS, VEIGA DE CELEIRO, CABRA VELLA, VILAMAR, REIGUEIRA, VILAMARTIN PEQUEÑO, SAN XULIAN DE CABARCOS E AS LAMAS	1531.76201	30.670,91€

Por escrito de data 04/03/2021 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguintes actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
BARREIROS	REM	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS EN FOLGUEIROSA, DE A CRUZ PEQUENA A VILAR, ESCANLAR, TRIANA E PUMARÍN	1531.76201	--	30.670,91€	30.670,91€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta

Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2020, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Barreiros, no Plan Único 2020.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Barreiros e incluír no PUC/20, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
BARREIROS	REM	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS EN FOLGUEIROSA, DE A CRUZ PEQUENA A VILAR, ESCANLAR, TRIANA E PUMARÍN	1531.76201	--	30.670,91€	30.670,91€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO DE PERDA DE DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN E DE REINTEGRO POLO IMPORTE ABOADO EN CONCEPTO DE ANTICIPO, MÁIS OS



XUROS DE MORA CORRESPONDENTES, AO CLUB CENTRO DE ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS COSTA LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

“Vistas as actuacións que integran o expediente de referencia (2021/XEN_01/000216), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítase o seguinte informe:

Antecedentes de feito

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 6 de febreiro de 2015, adoptou , entre outros, o seguinte acordo:

“1º.- Conceder ao Club Centro de Actividades Subacuáticas Costa Lugo, unha subvención directa de carácter excepcional or importe de vinte e cinco mil euros (25.000 €), co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da adquisición dunha embarcación apta para o desenvolvemento das actividades propias do Clube e Escola de Buceo.

2º.- Aprobar o convenio regulador da citada subvención a favor do Club Centro de Actividades Subacuáticas Costa Lugo.

3º.- Aprobar o aboamento anticipado do 60% da subvención, é dicir, quince mil euros (15.000 €) con dispensa de garantía”.

O Convenio Regulador da Subvención excepcional outorgada pola Excma. Deputación Provincial de Lugo ao Club Centro de Actividades Subacuáticas Costa Lugo co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da adquisición dunha embarcación apta para o desenvolvemento das actividades propias do Clube e Escola de Buceo, anualidade 2015, formalizouse en data 9 de febreiro de 2015.

En data 26 de marzo de 2015 abonouse ao Club Centro de Actividades Subacuáticas Costa Lugo o importe de 15.000,00 € en concepto de anticipo, con dispensa de garantía, contemplado no citado convenio (aboamento anticipado do 60% da subvención).

Tendo en conta que a documentación xustificativa aportada polo representante do Club Centro de Actividades Subacuáticas Costa Lugo está incompleta e contén erros, e que dito suposto é causa de reintegro segundo o establecido no artigo 37.1.b) da Lei Xeral de Subvencións (LXS), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informouse que por parte da Xunta de Goberno se declare decaído no seu dereito ao trámite correspondente (art. 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención, e consecuentemente o procedemento de reintegro (artigos 41 e 42.2 da LXS e artigos 94 e 95 do RLXS) da cantidade percibida en concepto de anticipo xunto cos xuros de mora correspondentes ao Club Centro de Actividades Subacuáticas Costa Lugo.

A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 5 de febreiro de 2021, acordou prestar aprobación a seguinte proposta:

“1º. Declarar decaído, ao Club Centro de Actividades Subacuáticas Costa Lugo, no trámite de emenda de documentación.

2º. Acordar o inicio do procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención e iniciar o procedemento de reintegro ao Club Centro de Actividades Subacuáticas Costa Lugo por importe de 18.373,20 € .

3º. Acordar a apertura do Trámite de Audiencia para que, no prazo de dez días hábiles a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación deste acordo, o representante do Club Centro de Actividades Subacuáticas Costa Lugo poida alegar e presentar os documentos ou xustificantes que estime pertinentes.

4º Aos efectos de proceder ao ingreso do importe obxecto de reintegro, o mesmo efectuarase na conta da entidade ES04 2080 0163 8531 1000xxxx, indicando o concepto “Reintegro EXP. 2021/XEN_01/000216.””



A notificación do acordo da Xunta de Goberno (2021RPS001284) recepcionouse polo representante do Club Centro de Actividades Subacuáticas Costa Lugo en data 12 de febreiro de 2021.

O representante do Club Centro de Actividades Subacuáticas Costa Lugo presentou, dentro do prazo de dez días hábiles outorgado na notificación do citado acordo, escrito de alegacións, solicitando literalmente o seguinte:

“Unica:- Ao amparo do disposto no artigo 48 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas alegase a anulabilidade dos actos de notificación efectuados polos que se requiría a esta parte para a emenda de documentación, ao concorrer un defecto de práctica das mesmas. Tal es así que as referidas notificacións foron practicadas nun enderezo que en ningún momento foi facilitado a ese organismo aos efectos de notificacións e comunicacións. Por tal motivo as referidas notificacións non puideron ser recollidas, non tendo acceso esta parte ao contido das mesmas.

En consecuencia procede anular os actos de notificación practicados na dirección incorrecta e efectuar os mesmos no enderezo desta parte que obra no expediente. Do contrario, estarase a provocar unha palmaria indefensión para este Club, quen ao non ser correctamente notificado non puido dar cumprimento aos requirimentos efectuados.

Polo Exposto,

Solicito que se teña por presentado en tempo e forma o presente escrito de alegacións e, de conformidade co exposto, acorde retrotraer o presente expediente procedendo á práctica da notificación dos requirimentos de documentación no domicilio designado a tal efecto por esta parte no presente procedemento.”

Aos antecedentes expostos son de aplicacións os seguintes

Fundamentos de dereito

O reintegro de contías percibidas e a esixencia dos xuros de demora correspondentes dende o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, procede no suposto de “Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos

términos establecidos no artigo 30 da LXS, e no seu caso, nas normas reguladoras da subvención.(artigo 37.1.c LXS)

O órgano competente para a resolución do procedemento de perda de dereito ao cobro da axuda e de reintegro da cantidade percibida en concepto de anticipo máis os xuros de mora correspondentes, é a Xunta de Goberno xa que foi o órgano concedente da subvención (artigo 41,1 da LXS.)

Respecto as alegacións formuladas polo representante da entidade Club Centro de Actividades Subacuáticas Costa Lugo as mesmas se desestiman en base ao seguinte:

Dende a Sección de Fomento enviáronse, dende o ano 2015 ata o ano 2017, numerosos requirimentos (por correo certificado con acuse de recibo) ao domicilio que figuraba no expediente de concesión, co obxecto de que o representante do Club Centro de Actividades Subacuáticas Costa Lugo emendara e aportase a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro do citado convenio regulador da subvención concedida.

Nas anualidades 2017 e 2018, visto que non se aportou a documentación xustificativa esixida nos numerosos requirimentos efectuados, enviáronse dous requirimentos (por correo certificado con acuse de recibo) ao domicilio que constaba no expedinte, os cales foron devoltos por ausencia. Ante dita circunstancia optouse por contactar co representante da entidade beneficiaria quen facilitou outra dirección (dirección á que se enviaron os requirimentos e notificacións posteriores).

Os documentos enviados á derradeira dirección facilitada polo representante da entidade beneficiara constan como recepcionados.

Así mesmo, constan actuacións do representante da entidade beneficiaria das que se desprende que o mesmo tivo acceso ao seu contido (como é a remisión de documentación xustificativa tralos requirimentos e notificacións efectuadas na nova dirección).



Así mesmo efectuáronse requirimentos por correo electrónico, tendo o representante acceso ao seu contido.

Os xuros de mora esixibles do obrigado ao reintegro deben calcularse, segundo establece o artigo 37.1 da LXS, dende o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro, é dicir, neste suposto dende o día 26 de marzo de 2015 (data na que se abonou ao Club Centro de Actividades Subacuáticas Costa Lugo a contía de 15.000,00 € en concepto de anticipo contemplado no convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional de referencia) ata o 12 de marzo de 2021 (data na que se elevará á Xunta de Goberno a resolución do procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención e de reintegro da contía percibida en concepto de anticipo máis os xuros de mora correspondentes), sendo o tipo aplicable o interese legal do diñeiro incrementado nun 25%, salvo que a Lei de Orzamentos Xerais do Estado estableza outro diferente.

Tendo en conta que dende o Club Centro de Actividades Subacuáticas Costa Lugo non se ingresou o importe obxecto de reintegro (que ata a data 5 de febreiro de 2021 ascendía a 18.373,20 € -liquidación provisional-), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento solicitouse a Tesouraría informe relativo ao importe dos xuros de mora da cantidade a reintegrar - 15.000,00€ -dende a data de pago do anticipo da subvención (o 26 de marzo de 2015) ata o 12 de marzo de 2021 (data na que se elevará á Xunta de Goberno a resolución do procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención e de reintegro da contía percibida en concepto de anticipo máis os xuros de mora correspondentes)

Dende a Tesouraría da Deputación emitiuse o seguinte informe relativo ao calculo dos xuros de mora:

“CÁLCULO DE XUROS DE MORA SOLICITADO POLO SERVIZO CONTRATACIÓN.-
SECCIÓN DE FOMENTO -
ENTIDADE: CLUB CENTRO DE ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS COSTA LUGO
- REINTEGRO 60 % SUBVENCION CONCEDIDA POR 25.000,00€ -
PAGAMENTO: 15.000,00 € O DÍA 26/03/2015
- CANTIDADE A REINTEGRAR: 15.000,00 €
- DATA ACORDO XUNTA DE GOBERNO: 12/03/2021

DENDE	ATA	DÍAS	CAP.ACUM.	% XUROS	TOTAL
26/03/2015	31/12/2015	281	15.000,00	4,375	505,22
01/01/2016	31/12/2016	366	15.000,00	3,75	562,50
01/01/2017	31/12/2017	365	15.000,00	3,75	562,50
01/01/2018	31/12/2018	365	15.000,00	3,75	562,50
01/01/2019	31/12/2019	365	15.000,00	3,75	562,50
01/01/2020	31/12/2020	366	15.000,00	3,75	562,50
01/01/2021	12/03/2021	71	15.000,00	3,75	109,42
TOTAL XUROS 3.427,14 €					

Conclusións.

Por todo o exposto informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Desestimar as alegacións presentadas polo representante do Club Centro de Actividades Subacuáticas Costa Lugo

Que o representante do Club Centro de Actividades Subacuáticas Costa Lugo, como consecuencia do “incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da LXS e nas normas reguladoras da subvención”.(artigo 37.1.c LXS) debe reintegrar á Deputación de Lugo a contía de 15.000,00 € (correspondente ao importe da subvención aboado en concepto de anticipo) máis o importe de 3.427,14€ en concepto de xuros de mora.

Que o pago da cantidade total adeudada (18.427,14 €) deberá efectuarse na conta da entidade ES04 2080 0163 8531 1000xxxx, indicando o concepto “Reintegro EXP.2021/XEN_01/000216” nos seguintes prazos:

a) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, o prazo finalizará o día 20 do mes posterior, ou se este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte.

b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, o prazo finalizará o día 5 do segundo mes posterior ou se este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte



O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen facerse efectiva a débeda, determinará o inicio do procedemento de apremio, o devengo dos xuros de mora e dos recargos do período executivo nos termos previstos no artigo 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria en relación co artigo 10 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria”.

En base ao anteriormente exposto propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Desestimar as alegacións presentadas polo representante do Club Centro de Actividades Subacuáticas Costa Lugo.

2º.- Que o representante do Club Centro de Actividades Subacuáticas Costa Lugo, como consecuencia do “incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da LXS e nas normas reguladoras da subvención” (artigo 37.1.c LXS) debe reintegrar á Deputación de Lugo a contía de 15.000,00 € (correspondente ao importe da subvención aboado en concepto de anticipo) máis o importe de 3.427,14€ en concepto de xuros de mora.

3º.- Que o pago da cantidade total adeudada (18.427,14 €) deberá efectuarse na conta da entidade ES04 2080 0163 8531 1000xxxx, indicando o concepto “Reintegro EXP.2021/XEN_01/000216” nos seguintes prazos:

a) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, o prazo finalizará o día 20 do mes posterior, ou se este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte.

b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, o prazo finalizará o día 5 do segundo mes posterior ou se este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen facerse efectiva a débeda, determinará o inicio do procedemento de apremio, o devengo dos xuros de mora e dos recargos do

período executivo nos temos previstos no artigo 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria en relación co artigo 10 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS INTERADMINISTRATIVOS.

Proposta de aprobación da addenda de modificación cuarta do convenio interadministrativo entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a Excmá. Deputación de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para financiación, execución e entrega das obras de proxecto de mellora na rede de saneamento urbano de Monforte de Lemos, rúas Santa Clara, A Veiga, Chantada, Juan Montes e Padre Feijóo.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe – proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo a modificación cuarta do convenio interadministrativo entre a Excmá. Deputación Provincial de Lugo, o Concello de Monforte de Lemos e a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, coa finalidade común de colaborar na financiación e execución das obras para financiación, execución e entrega das obras de proxecto de mellora na rede de saneamento urbano de Monforte de Lemos, rúas Santa Clara, A Veiga, Chantada, Juan Montes e Padre Feijóo, que dispón o seguinte:

“Pola Xunta de Goberno, en data 19 de maio de 2017, aprobouse o convenio interadministrativo entre a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos, para financiación, execución e entrega das obras de proxecto de mellora na rede de saneamento urbano de Monforte de Lemos, rúas Santa Clara, A Veiga, Chantada, Juan Montes e Padre Feijóo, sendo modificado por acordo da Xunta de Goberno de data 28 de xullo de 2017 coa finalidade de adaptar o texto a normativa vixente, sendo subscrito o 20 de setembro de 2017.



O devandito convenio interadministrativo foi novamente modificado, por acordo da Xunta de Goberno de data 22 de decembro de 2017, asinándose addenda de modificación o 29/12/2017; e por acordo da Xunta de Goberno de data 04/10/2019, asinándose addenda o 02/12/2019.

En data 02/10/2020 a Xunta de Goberno acordou a aprobación da modificación terceira, do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial, o Concello de Monforte de Lemos e a Confederación Hidrográfica Miño –Sil, coa finalidade de colaborar “para la financiación, ejecución y entrega de las obras del proyecto de mejoras en la red de saneamiento urbano de Monforte de Lemos. rúas Santa Clara, A Veiga, Chantada, Juan Montes y Padre Feijoo”, asinándose dita modificación terceira o 09/11/2020, incluíndo dita modificación o seguinte cadro de financiamento:

	TOTAL	CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL, O.A.	DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	AYUNTAMIENTO DE MONFORTE DE LEMOS
2018	47.190,00 €	16.856,27 €	16.851,55 €	13.482,18 €
2019	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
2020	995.000,00 €	355.314,50 €	355.314,50 €	284.371,00 €
2021	357.810,00 €	127.829,23 €	127.833,95 €	102.146,82 €
TOTAL	1.400.000,00 €	500.000,00 €	500.000,00 €	400.000,00 €

Con data 11/02/2021 recíbese escrito da Secretaría General da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, no que se remite reaxuste dos importes das distintas anualidades, achegando borrador da addenda de modificación ao convenio referenciado, a fin de modificar os importes das distintas anualidades a aportar por cada Administración participante no devandito convenio adaptándose ao ritmo de execución.

O Concello de Monforte de Lemos aprobará a modificación no seu orzamento, de proceder, antes da sinatura da modificación ao convenio interadministrativo de acordo coa proposta presentada pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil.

Fundamentos de dereito:

O artigo 86 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sinala tamén sistematicamente ubicado na fase de finalización do procedemento que “as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico (...)”.

O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público” (...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública



e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostíbles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción. (...)”

A colaboración entre administracións como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Nesta mesma liña de potenciar a colaboración entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.



O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala: “ 1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)”

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigo 2 e 3 que entre os obxectivos sinala “(...) b) manter e mellorar o nivel da poboación do medio rural e elevar o grao de benestar dos seus cidadáns, asegurando uns servizos públicos básicos adecuados e suficientes que garantan a igualdade de oportunidades e a non discriminación, especialmente das persoas máis vulnerables ou en risco de exclusión, (...)”. O artigo 7 deste precepto sinala “O programa de Desenrolo rural sostible incluírá medidas destinadas a satisfacer necesidades e demandas sociais de grupos de poboación que requiran unha atención prioritaria, en particular, as mulleres, os xoves, os maiores e as persoas con discapacidade”.

Así mesmo, o artigo 23 desta mesma Lei 45/2007 sinala “No ámbito das infraestruturas locais e os equipamentos e servizos básicos, o PDRS poderá establecer medidas orientadas a: (...) d) Apoiar a dotación dos servizos públicos municipais de prestación obrigatoria nos núcleos urbanos do medio rural, o seu mantemento e mellora, singularmente nas zonas rurais prioritarias, no marco da normativa reguladora da Administración Local. Favorecerase especificamente a prestación coordinada de servizos públicos entre municipios próximos.

A estes efectos debe terse en conta que aínda que a acción obxecto do convenio se desenvolva en zona urbana, o art. 3.a da amentada Lei 45/2007 establece a seguinte definición auténtica de medio rural: “Medio rural: o espazo xeográfico formado pola agregación de

municipios ou entidades locais menores definido polas administracións competentes que posúan unha poboación inferior a 30.000 habitantes e unha densidade inferior aos 100 habitantes por km².”

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

O concello de Monforte de Lemos é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; e) Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; (...); h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local; (...); l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre; m) promoción da cultura e equipamentos culturais (...)”.



A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, establece na súa disposición adicional primeira “as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, ...”, debendo interpretarse co artigo 3.3 desta Lei, ao sinalar que non se entenderá como exercicio de novas competencias a colaboración entre administracións (...), que se artella neste convenio.

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumeado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallo”. O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)”.

No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 5 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia sinala como competencias dos entes locais: “ a) O abastecemento domiciliario de auga potable e o seu control sanitario; b) Rede de sumidoiros; c) O tratamento de augas residuais; (...)”.

Ademais, e en todo caso, o artigo 25 da LBRL establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses, e no ámbito das súas competencias, como xa sinalamos anteriormente, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo. Lembrar que nesta liña, o artigo 85 da LBRL define como servizos públicos locais “os que presten as entidades locais no ámbito das súas competencias”, sen prexuízo de non considerarse servizo público (hipótese non compartida), as iniciativas económicas do artigo 86.

Á Confederación Hidrográfica de Miño-Sil correspóndelle, no ámbito da súa Demarcación Hidrográfica, a administración e control do dominio público hidráulico, así como o proxecto, a construción e explotación das obras realizadas con cargo aos fondos propios do Organismo (artigo 23 do Texto Refundido de la Lei de Augas) para cuxa finalidade poderá establecer convenios de colaboración coas Entidades Locais, ao amparo do disposto no artigo 25.2 da amentada disposición legal, que indica: “Os organismos de conca poderán celebrar convenios de colaboración coas CCAA, as Administracións Locais e as comunidades de usuarios para o exercicio das súas respectivas competencias, conforme ao disposto na lexislación vixente.”

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da comunidade autónoma de Galicia.

Así, para a consecución do fin común perseguido polas tres administracións, que é a dotación aos veciños do Concello de Monforte de Lemos dun saneamento urbano de Monforte de Lemos, rúas Santa Clara, A Veiga, Chantada, Juan Montes e Padre Feijóo, pola Confederación Hidrográfica Miño Sil achégase proposta de modificación, que afecta ao anexo I relativo ás anualidades, segundo o establecido na cláusula segunda, apartado terceiro “en caso de resultar necesaria la modificación de las anualidades, ésta se realizará a propuesta de la Confederación Hidrográfica del Miño Sil, cuando sea preciso, para acomodar la financiación al ritmo de ejecución de las actuaciones”. Con esta modificación, o anexo I, relativo ás aportacións, e execución nas distintas anualidades, quedaría do seguinte xeito:

	TOTAL EXECUCIÓN A 31/12/2020	APORTACIÓNS		
		CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL, O.A.	DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	AYUNTAMIENTO DE MONFORTE DE LEMOS
2018	47.190,00 €	16.856,27 €	16.851,55 €	13.482,18 €
2019	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
2020	252.132,92 €	0,00 €	296.863,02 €	257.506,05 €
2021	1.100.677,08 €	483.143,73 €	186.285,43 €	129.011,77 €
TOTAL	1.400.000,00 €	500.000,00 €	500.000,00 €	400.000,00 €



A execución do contrato a 31 de decembro de 2020 foi inferior á prevista na adxudicación (fase D), polo que as aportacións dos cofinanciadores exceden do finalmente executado nesa anualidade.

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), no é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e tamén no artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), aplicable, dentro do marco normativo básico de Lei Xeral de Subvencións, consonte ao establecido no seu propio artigo 1.

A presente modificación do convenio non lle é de aplicación a lexislación en materia de contratos:

Non sería, por estar vixente no momento da sinatura do convenio, a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no art. 4.1.c) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, que sinala que “están excluídos do eido da citada lei: (...); c) Os convenios de colaboración que desenvolva a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas, as Entidades Locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que celebren estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a esta Lei.”

Non é, por estar vixente no momento da modificación, a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”.

En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202 de data 03 de setembro de 2020 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno.

Así pois a proposta de addenda de modificación cuarta do convenio interadministrativo é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Que se aprobe a addenda de modificación cuarta do convenio interadministrativo, a solicitude da Confederación Hidrográfica Miño Sil, a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo, o concello de Monforte de Lemos e a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, co obxecto de colaborar na financiación, execución e entrega ao Concello das obras de proxecto de mellora na rede de saneamento urbano de Monforte de Lemos, rúas Santa Clara, A Veiga, Chantada, Juan Montes e Padre Feijóo, modificando o Anexo I, relativo ás aportacións dos asinantes do seguinte xeito:

	TOTAL EXECUCIÓN A 31/12/2020	APORTACIÓNS		
		CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL, O.A.	DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	AYUNTAMIENTO DE MONFORTE DE LEMOS
2018	47.190,00 €	16.856,27 €	16.851,55 €	13.482,18 €
2019	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
2020	252.132,92 €	0,00 €	296.863,02 €	257.506,05 €
2021	1.100.677,08 €	483.143,73 €	186.285,43 €	129.011,77 €
TOTAL	1.400.000,00 €	500.000,00 €	500.000,00 €	400.000,00 €

A execución do contrato a 31 de decembro de 2020 foi inferior á prevista na adxudicación (fase D), polo que as aportacións dos cofinanciadores exceden do finalmente executado nesa anualidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CORRECCIÓN DE ERROS MATERIAIS NA APROBACIÓN DO ENCARGO DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO SEU MEDIO PROPIO PERSONIFICADO E SERVIZO TÉCNICO, EMPRESA DE TRANSFORMACIÓN AGRARIA S.A. S.M.E. M.P. (TRAGSA) PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE DE FUNCIONAMENTO DAS RUTAS FLUVIAIS DOS ENCOROS DE SANTO ESTEVO (RÍO SIL- EMBARCADOIRO DA PONTE DO SIL) E OS PEARES (RÍO MIÑO- EMBARCADOIRO DE BELESAR POBO) PARA A TEMPADA 2021, PRORROGABLE NAS ANUALIDADES 2022 E 2023 (ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO DE DATA 12 DE FEBREIRO DE 2021).

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Por acordo da Xunta de Goberno de data 12 de febreiro de 2021 aprobouse o encargo desta Deputación ao seu medio propio personificado e servizo técnico, Empresa de Transformación Agraria S.A. S.M.E. M.P. (TRAGSA) para a realización da actividade de funcionamento das rutas fluviais dos encoros de Santo Estevo (Río Sil- embarcadoiro da ponte do Sil), e Os Peares (río Miño- embarcadoiro de Belesar pobo) para a tempada 2021, prorrogable nas anualidades 2022 e 2023.

Detectados dous erros materiais de transcripción do orzamento que consta na páxina 21 da memoria técnica que rexe o citado encargo –sen que estes afecten ao cómputo total do mesmo segundo consta no orzamento de Tragsa que figura no expediente de referencia-, en concreto, no que corresponde ás partidas alzadas de reparacións de embarcacións e pantaláns e ao cómputo do importe total das xornadas do persoal da central de reservas. Así pois, considerando o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que textualmente di: “as Administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais de feito o aritméticos, existentes nos seus actos”, propónse que a Xunta de Goberno, segundo as facultades que lle confire o artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, de data 30 de xuño de 2020 (BOP número 202, do 3 de setembro de 2020), acorde:

1º.- Corrixir o importe correspondente á partida alzada de reparacións de embarcacións e pantaláns do seguinte xeito:

Onde di:

DESCRICIÓN DA PARTIDA	CANTIDADE	PREZO UNITARIO (€)	IMPORTE TOTAL (€)
Partida alzada reparacións de embarcacións e pantaláns	1	19.650,00	19.650,00

Debe dicir:

DESCRICIÓN DA PARTIDA	CANTIDADE	PREZO UNITARIO (€)	IMPORTE TOTAL (€)
Partida alzada reparacións de embarcacións e pantaláns	1	9.650,00	9.650,00

2º.- No que respecta á partida de persoal, onde di:

Xornada central reservas	891	163,35	145.544,55
--------------------------	-----	--------	------------

Debe dicir:

Xornada central reservas	891	163,35	145.544,85
--------------------------	-----	--------	------------

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DE BASES DAS MEDIADAS 8.2.4.2 "GENTE JOVEN EN EL RURAL", 8.2.3.3 " TU EMPLEO SOCIAL EN EL RURAL" E 8.2.3.4 "TU EMPLEO EN EL RURAL" DENTRO PROGRAMA PRENDE! BOTA RAÍCES NO RURAL.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:



“Con data 13 de maio de 2019 ten entrada no rexistro da Deputación de Lugo as catro Resolucións da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se resolve a concesión directa de subvencións solicitadas o amparo da convocatoria do Real decreto 1234/2018, do 5 de outubro de 2018, polas que se concede as seguintes subvencións polo importe reflectido no cadro:

Denominación	Medida	Nº Expediente	Orzamento	Subvención
Tu empleo Social en el Rural	8.2.3.3	349-281338	19.869,30 €	18.257,90 €
Tu empleo en el Rural	8.2.3.4	349-281342	19.869,30 €	18.257,90 €
Gente joven en el rural	8.2.4.2	349-281343	176.580,00 €	162.259,36 €
Generate tu empleo en el rural	8.2.3.1	349-290455	78.825,48 €	72.432,73 €
TOTAL			295.144,08 €	271.207,89 €

Con data 24 de maio de 2019, apróbase en Xunta de Goberno a aceptación das subvención concedidas, detalladas no punto anterior.

Tendo en conta a excepcional situación provocada polo Covid 19 por operatividade administrativa decreouse a volta da competencias da Xunta de Goberno no Presidente (Decreto de 24 de marzo de 2020), polo que atendendo ao mesmo apróbase por decreto de Presidencia de 12 de maio de 2020 a aceptación da actualización das axudas o salario mínimo interprofesional para o ano 2020, na medida de fomento de emprego por conta allea 8.2.4.2 “Gente Joven en el Rural” , e nas medidas de fomento do emprego por conta propia medida 8.2.3.3 “Tu Empleo Social en el Rural” axudas ao autoemprego e da 8.2.3.4 “Tu Empleo en el Rural” axudas ao emprendemento colectivo no marco da economía social .

Con data 3 de xuño comunicase por parte do Ministerio de Política Territorial a resolución das axudas de acordo a redistribución solicitada para a adaptación da axuda o SMI de 2020, respectando a taxa de cofinanciación do 91,89% do total do gasto a subvencionar. Aprobouse o gasto das tres medidas por importe de 205,200€, en Xunta de Goberno do 26 xuño de 2020.

Tendo en conta o anterior,e a vista de que o prazo de execución das medidas remata o 14 de febreiro de 2021, e como consecuencia da suspensión dos prazos pola declaración do estado de alarma, solicitouse unha ampliación do prazo de execución ao Ministerio de Política Territorial xa

que a duración das axudas estendese durante 12 meses e polo tanto superárase o prazo de execución, debido a declaración do estado de alarma provocada polo Covid.

Tendo en conta a dificultades para a posta en marcha do programa ocasionadas polo Covid 19, o 05.10.2020 a Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local adapta varias medidas e resolve, entre outros aspectos que atinxen directamente os beneficiarios das mesmas, o seguinte:

En relación ao calendario de execución, que :

“las entidades beneficiarias tendrán de prazo para la ejecución de las actividades subvencionables hasta el 31 de diciembre de 2022.

Cuando existan causas excepcionales que impidan finalizarla ejecución del proyecto en tal plazo, las entidades podrán solicitar su ampliación con una antelación mínima de 15 días a su vencimiento. Las ampliaciones de plazo que en su caso se pudieran conceder, en ningún caso podrán exceder del 31 de marzo de 2023. ”.

En relación a xustificación das actuacións realizadas:

Nas Medidas de actuación 8.2.3.3 y 8.2.3.4

“[...] Los participantes deberán permanecer de modo efectivo en la actividad profesional inherente al proyecto al menos 6 meses, para que el coste sea elegible.

No obstante, cuando la actividad profesional haya quedado suspendida conforme al Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma, se suspenderá el cómputo del período de permanencia en el proyecto, que se reanudará tras el restablecimiento de la actividad conforme a la normativa vigente.

Asimismo será necesario que la entidad haya desembolsado al participante, al menos, este coste antes de poder solicitar el retorno Comunitario correspondiente.”



Na Medida de actuación 8.2.4.2

“El contrato necesariamente tendrá que ser indefinido y a jornada completa, y la duración mínima de la permanencia de! joven de 6 meses, a fin de que el Coste sea elegible.

En el caso de que el contrato continúe vigente, pero se modifiquen las condiciones de trabajo (por ejemplo, de modalidad presencial a modalidad teletrabajo), o el contrato continúe vigente pero el personal pase a estar en situación de permiso retribuido, con la obligación de recuperación de horas posteriormente, se considera que existe trabajo efectivo y, por tanto, ese tiempo sigue computando a efectos del período de mantenimiento del empleo.

Si el contrato continúa vigente pero se ve afectado por un ERTE, se suspenderá el cómputo del período de permanencia en el proyecto, que se reanudará tras el ERTE.

En caso de despido como consecuencia de la situación derivada de Covid-19, se considerará el cómputo del tiempo de trabajo realizado hasta la fecha del despido, a efectos del cumplimiento de la condición de mantenimiento, siempre que se haya cumplido con la permanencia mínima de 6 meses.”

(Achegase resolución do Ministerio de Política Territorial y Función Pública).

Atendendo ao establecido no punto anterior, cómpre efectuar unha modificación das bases no artigo 13 e engadir o artigo 13 bis, en relación a cómputo de tempo en caso de sufrir a actividades peches e ERTES:

Artigo 13. Tramitación pago axuda

Onde di:

Medida 8.2.4.2 “Gente Joven en el Rural”

[...]

O período máximo subvencionable exténdese ata o 14 de febreiro de 2021 salvo resolución de ampliación de prazo por parte do organismo competente.

Medida 8.2.3.3 “Tu Empleo Social en el Rural” e Medida 8.2.3.4 “Tu Empleo en el Rural”

[...]

O período máximo subvencionable exténdese ata o 14 de febreiro de 2022 salvo resolución de ampliación de prazo por parte do organismo competente.

Debe dicir:

Medida 8.2.4.2 “Gente Joven en el Rural”

[...]

O período máximo subvencionable esténdese ata o 31 de decembro de 2022 salvo resolución de ampliación de prazo por parte do organismo competente.

Cando existan causas excepcionais que impidan finalizar a execución do proxecto en tal prazo, as entidades poderán solicitar a súa ampliación cunha antelación mínima de 15 días ao seu vencemento. As ampliacións de prazo que no seu caso se puidesen conceder, en ningún caso poderán exceder do 31 de marzo de 2023.

Medida 8.2.3.3 “Tu Empleo Social en el Rural” e Medida 8.2.3.4 “Tu Empleo en el Rural”

[...]

O período máximo subvencionable esténdese ata o 31 de decembro de 2022 salvo resolución de ampliación de prazo por parte do organismo competente.



Cando existan causas excepcionais que impidan finalizar a execución do proxecto en tal prazo, as entidades poderán solicitar a súa ampliación cunha antelación mínima de 15 días ao seu vencemento. As ampliacións de prazo que no seu caso se puidesen conceder, en ningún caso poderán exceder do 31 de marzo de 2023.

Débase incluír un Artigo 13 bis. Cómputo do tempo para a xustificación das actuacións realizadas

Medida 8.2.3.3 “Tu Empleo Social en el Rural” e Medida 8.2.3.4 “Tu Empleo en el Rural”

Cando a actividade profesional quedara suspendida conforme ao Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma, suspenderase o cómputo do período de permanencia no proxecto, que se retomará tras o restablecemento da actividade conforme á normativa vixente.

Medida 8.2.4.2 “Gente Joven en el Rural”

No caso de que o contrato continúe vixente, pero se modifíquen as condicións de traballo (por exemplo, de modalidade presencial a modalidade teletraballo), ou o contrato continúe vixente pero o persoal pase a estar en situación de permiso retribuído, coa obrigaón de recuperación de horas posteriormente, considérase que existe traballo efectivo e, por tanto, ese tempo segue computando a efectos do período de mantemento do emprego.

Se o contrato continúa vixente pero se vise afectado por un ERTE, suspenderase o cómputo do período de permanencia no proxecto, que se retomara tras o ERTE.

En caso de despedimento como consecuencia da situación derivada de Covid-19, considerarase o cómputo do tempo de traballo realizado ata a data do despedimento, a efectos do cumprimento da condición de mantemento, sempre que se cumpriu coa permanencia mínima de 6 meses.

Atendendo a estas modificacións, propónse á Xunta de Goberno:

1º.- Aceptar a ampliación do prazo de execución das medidas 8.2.4.2, 8.2.3.3 e 8.2.3.4, ata o 31 de decembro de 2022 e de forma excepcional cando existan causas excepcionais que impidan finalizar a execución do proxecto en tal prazo, a entidade poderá solicitar a súa ampliación cunha antelación mínima de 15 días ao seu vencemento, pero en ningún caso podería exceder do 31 de marzo de 2023.

2º.- Aprobar a modificación do artigo 13. Tramitación pago axuda das bases das medidas 8.2.4.2, 8.2.3.3 e 8.2.3.4 para a súa posterior publicación, quedando redactado como segue:

Medida 8.2.4.2 “Gente Joven en el Rural”

[...]

O período máximo subvencionable esténdese ata o 31 de decembro de 2022 salvo resolución de ampliación de prazo por parte do organismo competente.

Cando existan causas excepcionais que impidan finalizar a execución do proxecto en tal prazo, as entidades poderán solicitar a súa ampliación cunha antelación mínima de 15 días ao seu vencemento. As ampliacións de prazo que no seu caso se puidesen conceder, en ningún caso poderán exceder do 31 de marzo de 2023.

Medida 8.2.3.3 “Tu Empleo Social en el Rural” e Medida 8.2.3.4 “Tu Empleo en el Rural”

[...]

O período máximo subvencionable esténdese ata o 31 de decembro de 2022 salvo resolución de ampliación de prazo por parte do organismo competente.

Cando existan causas excepcionais que impidan finalizar a execución do proxecto en tal prazo, as entidades poderán solicitar a súa ampliación cunha antelación mínima de 15 días ao seu



vencemento. As ampliacións de prazo que no seu caso se puidesen conceder, en ningún caso poderán exceder do 31 de marzo de 2023.

3º.- Aprobar engadir o artigo 13 bis.- Cómputo do tempo para a xustificación das actuacións realizadas as bases das medidas 8.2.4.2, 8.2.3.3 e 8.2.3.4 para a súa posterior publicación, quedando redactado como segue:

Medida 8.2.3.3 “Tu Empleo Social en el Rural” e Medida 8.2.3.4 “ Tu Empleo en el Rural”

Cando a actividade profesional quedara suspendida conforme ao Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma, suspenderase o cómputo do período de permanencia no proxecto, que se retomará tras o restablecemento da actividade conforme á normativa vixente.

Medida 8.2.4.2 “Gente Joven en el Rural”

No caso de que o contrato continúe vixente, pero se modifiquen as condicións de traballo (por exemplo, de modalidade presencial a modalidade teletraballo), ou o contrato continúe vixente pero o persoal pase a estar en situación de permiso retribuído, coa obrigaón de recuperación de horas posteriormente, considérase que existe traballo efectivo e, por tanto, ese tempo segue computando a efectos do período de mantemento do emprego.

Se o contrato continúa vixente pero se vise afectado por un ERTE, suspenderase o cómputo do período de permanencia no proxecto, que se retomara tras o ERTE.

En caso de despedimento como consecuencia da situación derivada de Covid-19, considerarase o cómputo do tempo de traballo realizado ata a data do despedimento, a efectos do cumprimento da condición de mantemento, sempre que se cumpriu coa permanencia mínima de 6 meses.

4º.- Aprobar a liberación do crédito por importe de de 136.800 €, na aplicación 2410.470, do orzamento da anualidade 2021, a vista da resolución positiva da concesión da prorroga do prazo de execución da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local do 05.10.2020.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE PERDA DE DEREITO AO COBRO DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS POLO PROCEDEMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL, ANUALIDADE 2018.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“En relación aos expedientes de xustificación das entidades asociativas culturais que se relacionan, correspondentes ás subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno do día 10 de agosto de 2018, ao abeiro da convocatoria do procedemento de concorrência competitiva destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2018, convocado mediante extracto da convocatoria publicado no BOP nº 111, de data 16 de maio de 2018.

Visto o informe do Servizo de Cultura, no que se indica que:

“1.- Na Xunta de Goberno do día 4 de maio de 2018, aprobáronse, entre outros asuntos, as bases da convocatoria, en réxime de concorrência competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2018, así como o gasto correspondente e os modelos de solicitude que deberían de rexer no procedemento de concorrência para a concesión.

2.- Con data 16 de maio de 2018, a convocatoria publicase no Boletín Oficial da Provincia número 111 pola Base de Datos Nacional de Subvencións, concedendo un prazo de 15 días hábiles



para a presentación de solicitudes, a contar dende o día seguinte á publicación no BOP do extracto da convocatoria.

3.- Con data 10 de agosto de 2018, por acordo da Xunta de Goberno, aprobouse a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2018, así como as solicitudes desestimadas.

4.- Con data 14 de agosto de 2018, dáse publicidade no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 186, a listaxe de subvencións concedidas e desestimadas pola Xunta de Goberno de data 10 de agosto de 2018.

5.- A cláusula 11 das referidas bases, denominada “Xustificación e aboamento das subvencións”, recolle a documentación que as entidades beneficiarias teñen que presentar para proceder ao pago da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa.

6.- A cláusula 12 das mesmas bases, baixo o epígrafe “Prazos de xustificación”, prevé: “Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade e, en calquera caso, rematará o 31 de marzo de 2019.

(...)

Logo de transcorrer o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a conta xustificativa fose presentada diante desta Deputación, o órgano de xestión requirirá ao beneficiario da mesma para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a perda do dereito ao cobro total da subvención –previo trámite do expediente- (...) de conformidade con canto se establece no artigo

16 da Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no art. 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no art. 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

Na declaración de perda de dereito (...) tramitarase o correspondente procedemento con audiencia do interesado”.

7.- Unha vez transcorrido o prazo establecido nas Bases citadas, para a presentación da documentación xustificativa, procédese á revisión da documentación xustificativa e detéctanse unha serie de deficiencias, polo que con data de 13 de decembro de 2019 a Presidencia desta Excma. Deputación de Lugo, revolveu, requirir ás Asociacións que se relacionan, para que, no prazo improrrogable de 10 días, a contar dende o día seguinte á recepción da notificación, presenten a documentación requirida, advertíndolles que a non presentación da documentación xustificativa requirida no prazo sinalado, levará consigo a perda do dereito ao cobro da subvención, previo trámite do expediente.

8.- Con data 18 de decembro de 2019, enviáse notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada.

9.- Transcorrido o citado prazo de 10 días e non sendo atendido o citado requirimento polas asociacións citadas a Presidencia desta Excma Deputación de Lugo, revolveu, con data 22 de decembro de 2020, iniciar os expedientes de perda de dereito ás subvencións de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, no ano 2018, aprobado pola Xunta de Goberno de 10 de agosto de 2018, das entidades que se relacionan por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS.

10.- Con data 15 de xaneiro de 2021, enviáse notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada na que se lles comunica, que segundo a Resolución da Presidencia citada, dispoñen dun prazo de 10 días de trámite de audiencia segundo o establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes e que xa les foron requiridos no seu momento.



11.- Transcorrido o citado prazo de 10 días constátase que non foi atendido o citado tramite de audiencia polas asociacións relacionadas”

Tendo en conta o sinalado pola Xefatura de Servizo da Área de Cultura, Patrimonio Histórico-Artístico e Normalización Lingüística, a Deputada Delegada que subscribe, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Procede declarar a perda do dereito ao cobro total das subvencións concedidas, ás Asociacións que se relacionan, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 10 de agosto de 2018, polo que se resolveu o concurso de subvencións en réxime de concorrência competitiva para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2018, convocado mediante anuncio publicado no BOP nº 111 de 16 de maio de 2018, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e dos puntos 11 e 12 das Bases da convocatoria.

2º.- Que se notifique aos interesados, que se relacionan, o acordo adoptado pola Xunta de Goberno.

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	IMPORTE
ASOC. CULTURAL AIRIÑOS DE ORBAZAI	CLASES DE MÚSICA E DANZA TRADICIONAL GALEGA E FOLIADA DE ORBAZAI	920,00
ASOC. NAUFRAGOS DO PARADISO	FESTIVAL DO PARADISO	1.000,00
ASOC. CLIO RECONSTRUCCION HISTORICA	TALLERES E CHARLAS DE RECONSTRUCCION HISTORICA	379,00
ASOC. LILA PER SE	PRODUCCION E DIVULGACION DO PROXECTO TEATRAL “BESTIARIO ESTRAFALARIO”	841,00
ASOC. CULTURAL DE VECIÑOS DO CAMPO SAN XOAN	FESTA SAN XOAN	730,00

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE XUBILACIÓN POR INCAPACIDADE PERMANENTE NO GRADO DE ABSOLUTA DUN FUNCIONARIO DESTA DEPUTACIÓN.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que Dona Ana María Pérez Teijeiro, ATS do Cadro de Persoal Funcionario, viña prestando servizos a esta Entidade, atopándose de baixa por Incapacidade Temporal.

Considerando que por Resolución da Dirección Provincial de Lugo do INSS de data 25 de febreiro de 2021, foille recoñecida a Dona Ana María Pérez Teijeiro a prestación de Incapacidade Permanente no Grao de Absoluta, con efectos económicos do día 1 de decembro de 2020.

Tendo en conta que Dona Ana María Pérez Teijeiro, ATS do Cadro de Persoal Funcionario, viña prestando servizos a esta Entidade, atopándose en situación de Incapacidade Temporal.

Visto que o artigo 137 do Real Decreto Lexislativo 1/1994 do 20 de xuño, texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, establece os distintos graos de invalidez, e que a falta doutra regulación, se vén entendendo que a incapacidade permanente no grao de absoluta é aquela que impide por completo ao traballador a realización de calquera profesión ou oficio.

A Resolución da Dirección Provincial de Lugo do INSS, como sinalamos, establece literalmente:

“Fecha a partir da la cual se puede instar la revisión por agravación o mejoría: 3-02-2024.

No se prevé que la situación de incapacidad vaya a ser objeto de revisión por mejoría, que permita la reincorporación al puesto de trabajo antes de dos años (Artigo 48.2 da Lei do Estatuto dos Traballadores. BOE 24-10-2015)”.



A referencia feita pola resolución do INSS ao disposto no artigo 48.2 do ET non resulta directamente aplicable a este suposto por canto o vínculo xurídico que regula a relación desta funcionaria coa Entidade é de natureza administrativa polo que, en consecuencia, deberase entender que, se como consecuencia da dita revisión, si, no seu día, se adoptase resolución polo INSS na que, debido á ter experimentado melloría, se declarase en situación de apta para o traballo, habería de considerarse, para adoptar resolución sobre este asunto, o que sinale a lexislación administrativa, concretamente o artigo 68.1 do EBEP e a lexislación de función pública vixente, nese momento para adoptar decisión axustada a dereito.

Tendo en conta que o artigo 139 do Real Decreto Lexislativo 781/86 do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, establece que a xubilación dos funcionarios terá lugar (...) "b) De oficio ou a petición do interesado, por incapacidade permanente para o exercicio das súas funcións".

Considerando, así mesmo, o establecido no artigo 67.1 c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, que sinala:

“Xubilación.

A xubilación dos funcionarios poderá ser:

c) Pola declaración de incapacidade permanente para o exercicio das funcións propias do seu corpo ou escala, ou polo recoñecemento dunha pensión de incapacidade permanente absoluta ou, incapacidade permanente total en relación co exercicio das funcións do seu corpo ou escala”.

Por todo elo, propono á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 9 de marzo de 2011 (publicado no BOP núm. 056 do 10 de marzo de 2011), acorde:

Declarar a xubilación por Incapacidade Permanente, no Grao de Absoluta, de Dona Ana María Pérez Teijeiro, con efectos económicos do día 1 de decembro de 2020, data á que se

retrotraen os efectos económicos da pensión de invalidez recoñecida á funcionaria e á que se liquidarán os dereitos e obrigas que deriven da relación funcional con esta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES XERAIS QUE REGULAN OS PROCESOS SELECTIVOS QUE CONVOQUE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA CUBRIR PRAZAS VACANTES DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO OU LABORAL FIXO, INCLUÍDAS NAS OFERTAS DE EMPREGO, ACCESO LIBRE (COTA XERAL OU COTA DISCAPACITADOS).

Logo de ver a proposta do Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Mediante Acordo da Xunta de Goberno, de 27 de setembro de 2017 (BOP núm. 241 de 20 de outubro de 2017) aprobáronse as Bases Xerais que rexeron os procesos selectivos para provistar as prazas de persoal funcionario e laboral fixo desta Deputación Provincial, incluídas nas correspondentes Ofertas de Emprego Público.

A implementación da administración electrónica, derivada da vixencia da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e outras circunstancias sobrevidas no tempo transcorrido dende a aprobación das ditas Bases Xerais, fan necesario unha actualización das mesmas e a introdución de cambios na súa configuración respecto á articulación dos trámites a realizar co obxectivo de facilitar ás persoas interesadas a participación nos procesos selectivos e que poidan relacionarse con esta Administración por medios electrónicos.

Vistas as necesidades dos Servizos; estando pendentes de tramitación os procesos selectivos polos que se provistarán as diferentes prazas vacantes incluídas nas correspondentes Ofertas de Emprego Público desta Deputación provincial; considerando o establecido nas seguintes normas:



Artigo 55.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público: “Todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente estatuto e no resto do ordenamento xurídico”.

Artigo 55.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público: “As Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:

- a) Publicidade das convocatorias e das súas bases.
- b) Transparencia.
- c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.
- d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.
- e) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.
- f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.

Artigo 90.2 da Lei 7/1.985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local: A selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa Oferta de Emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso, oposición o concurso - oposición libre nos que se garantan, en todo caso, os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”.

Artigo 31.2 do Convenio Colectivo Único para persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo: “Toda selección de persoal laboral fixo deberá realizarse de conformidade con dicha Oferta (Oferta de Emprego Público), mediante convocatoria pública e a través dos sistemas de concurso, oposición ou concurso – oposición nos que se garanta os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”.

Artigo 3 do RD 896/1.991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local: “Bases da convocatoria.- Os procedementos de selección rexeranse polas bases da convocatoria que aprobe o órgano competente da Corporación para cada unha das Escala, Subescalas e clases de funcionarios”.

Á vista de todo o sinalado, propono á Xunta de Goberno, que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 59.5 b) do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo , publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 202 de 3 de setembro de 2020, adopte acordo, aprobando as Bases Xerais polas que se rexerán nos procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do Cadro de Persoal funcionario ou laboral fixo, incluídas nas correspondentes Ofertas de Emprego Público, de acceso libre, incluíndo cota xeral ou cota discapacitados.

As determinacións contidas nas Bases Xerais que se aproban a través deste acordo, complementaríanse mediante a aprobación das Bases Específicas para cada proceso selectivo que se convoque.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CUMPRIMENTO DO DECRETO DE 23 DE FEBREIRO DE 2021 NO PROCEDIMENTO: PEZA DE TAXACIÓN CUSTAS 1929/2019 0001.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“No Procedemento: Peza de Taxación de Custas nº1929/2019 0001 o Xulgado de 1ª Instancia nº2 de Lugo ditou en data 23 de febreiro Decreto no que acorda aprobar a taxación de custas practicada en data 8 de outubro por importe de 2148,10 euros a cuxo pago foi condenada a Deputación de Lugo en virtude da Sentenza nº404/2020, de 3 de xullo de 2020, ditada polo dito Xulgado no Procedemento: Incidente concursal común 1184/2019 0001.



Vista a certificación sobre a existencia de crédito suficiente para o aboamento da cantidade antes indicada comunicada polo Servizo de Intervención.

Polo anteriormente exposto á Xunta de Goberno proponse a adopción do seguinte acordo:

O ingreso da cantidade de 2148,10 euros, en concepto de custas, na conta do Xulgado de 1ª Instancia nº2 de Lugo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- COMPARECENCIA COMO CODEMANDADA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº247/2020.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Vista a resolución da Alcaldía do Concello de Cervantes en relación co Procedemento Abreviado 247/2020 seguido ante o Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo a instancia de Generali España, S.A. fronte ao dito Concello en materia de responsabilidade patrimonial.

Visto que na dita resolución se resolve emprazar á Deputación de Lugo para que poida persoarse como parte codemandada ante o dito Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo.

Visto o anterior, é polo que á Xunta de Goberno se propón a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo anteriormente referenciado.

2º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Proposta en relación coa sesión da Xunta de Goberno correspondente ó día dous de abril de 2021.

Intervén o Sr. Presidente quen manifesta que a sesión da Xunta de Goberno correspondente ó día dous de abril, por ser festivo, trasladaríase ó día sete, mércores, de conformidade e co sinalado no acordo adoptado polo Pleno desta Corporación en sesión extraordinaria celebrada o día trinta de xullo de dous mil dezanove. E tendo en conta que o mesmo día sete de abril é a data de convocatoria da sesión da Xunta de Goberno para o día nove, co que coincidirían na mesma semana do cinco ao once de abril dúas sesións. Polo que propón a non celebración da sesión da Xunta de Goberno correspondente ó día dous de abril de dous mil vinte e un. Sendo aprobada dita proposta por unanimidade.

Así mesmo a Xunta de Goberno por unanimidade acorda dar conta do presente acordo ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre.

16.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as dez horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.